



ARRINCA A OFICINA MÓBIL DA CANDIDATURA DE TINO FERNÁNDEZ Á PRESIDENCIA DO REAL CLUB DEPORTIVO

A Coruña, 30 de novembro de 2013

Esta mañá púxose en marcha a oficina móbil da candidatura de Tino Fernández á presidencia do Real Club Deportivo da Coruña. No seu primeiro día de rodaxe, o vehículo, un autobús estilo inglés sen teito, circulará por toda a cidade e especialmente polos arredores do estadio municipal de Riazor nas horas previas ao Dépor - Lugo desta tarde. O autocar está rotulado coa imaxe de campaña da candidatura e o lema Vamos gañar este partido. Durante o día de hoxe percorrerá a cidade sen deterse e facendo soar unha adaptación do Rock do Deportivo composta especialmente para a ocasión.

Nos vindeiros días comezará a cumprir a súa función de oficina móbil na que os accionistas do Real Club Deportivo poderán solicitar información sobre o proxecto da candidatura así como asinar a delegación de accións para as Xuntas da sociedade. Informarase puntualmente dos lugares e horarios nos que o autobús estará parado e aberto para cumprir con esa función de oficina. Antes de arrincar a súa primeira viaxe, Daniel Ramos e Martín Pita, membros da candidatura de Tino Fernández fotografáronse xunto ao autobús e o propio candidato no Aquarium Finisterrae, aos pés da Torre de Hércules.